




**NARÓN**

**Datos Do Expediente:**

CONTRATOS REGULACIÓN ARMONIZADA	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/96/2014	CONZI00Y
106U095Y6X600W2M0EG6	
	

**ACTA DA REUNIÓN MANTIDA POLA MESA DE CONTRATACIÓN FORMADA CON MOTIVO DO PROCEDEMENTO ABERTO DE LICITACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE INTERIORES DOS EDIFICIOS MUNICIPAIS E ESCOLAS DE PRIMARIA, CON MOTIVO DA REALIZACIÓN DA PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.**

**Presidente:** D. José M. Blanco Suárez

**Vogais:**

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, Secretario Xeral  
D. Manuel G. Antón Villamil, Interventor Substituto  
D. Francisco García Gato, Xefe dos Servizos Externos  
D. José Iban Santalla Borreiros, Concelleiro delegado de Servizos

**Secretario:** Ignacio Mazaira Garro, Xefe de Sección de Contratación

Sendo as 13,00 horas do día 23 de outubro de 2015, réunese a Mesa de contratación formada polos membros que enriba se expresan, para propoñer a adxudicación do contrato ao órgano de contratación.

Pola presidencia declárase aberta a reunión, procedéndose á lectura do informe emitido polo servizo de contratación sobre os criterios avaliábeis mediante fórmula, oferta económica e melloras.

Lido o informe, a Mesa, de acordo con este, acorda non incluír como melloras, todas aquelas propostas que non se axusten ao punto 9 da portada do Prego de condicións administrativas particulares que rexe este contrato, cando establece: "As proposicións poden completarse asumindo maiores obrigas de índole económica referidas á mellor ou maior calidade e cantidade do servizo contratado: realización dun maior número de horas (que se poderían poñer á disposición do responsable do contrato), limpezas xerais, ou traballos especiais."

Samyl S.L., presenta unha xeira de melloras que poderán mellorar a calidade do servizo, non tanto, non están incluídas nos aspectos que se enumeran no prego de condicións, agás a bolsa de 1.200 horas para servizos extraordinarios que si cumpre cos requisitos esixidos.

Rexeitadas as ofertas presentadas por Ferrovial Servicios S.A., por non presentar a documentación esixida na base 4 do prego de condicións técnicas e Star Servicios ao non acadar a puntuación mínima prevista no punto 9 da portada do prego de condicións administrativas particulares, a única licitadora que continúa no procedemento é a mercantil Samyl S.L., que obterá, unha vez aplicadas as fórmulas previstas para a puntuación dos criterios obxectivos, 45 puntos pola oferta económica e 15 polas melloras, resultando un total de 60 puntos.

A vista do exposto propónse a adxudicación do contrato á empresa Samyl S.L., por un importe 1.691.580,00 euros, IVE engadido, cun prazo de execución de dous anos.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 13 horas e 23 minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu o Secretario dou fe, asinando connigo o Sr. Presidente.